

ACTA NÚM. 15 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 29 DE NOVIEMBRO DE 2017.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:17 horas** do día **29 de novembro de 2017**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria e urxente.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.
Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Ana Gago Fernández, **viceinterventora do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asisten o/a concelleiro/a, Don Manuel Díos Diz e Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.

ORDE DO DÍA:

1. Ratificación da urxencia da convocatoria.

2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).

3. Aprobación de convenio entre o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade (MINECO) e o Concello de Santiago de Compostela, para o proxecto SMARTIAGO, cofinanciado con fondos Feder.

Cumpriméntase así:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as presentes ratifica, a urxencia da convocatoria da sesión.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece.

3. APROBACIÓN DE CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE (MINECO) E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O PROXECTO SMARTIAGO, COFINANCIADO CON FONDOS FEDER.

En relación ao asunto do epígrafe, con data 27 de novembro de 2017, o xefe do servizo de informática emite informe-proposta que trae conforme do concelleiro delegado de informática, e que ten o seguinte contido:

“O Convenio que se achega ten por obxecto o establecemento da colaboración entre as partes para contribuír á mellora dos servizos públicos, a través do fomento da innovación empresarial, mediante a selección dunha serie de actuacións relacionadas co proxecto SMARTIAGO para a súa cofinanciación polo FEDER 2014-2020.

As actividades cofinanciadas son as que se detallan no **Anexo I. Memoria e orzamento**, e están estruturadas en tres liñas de actuación:

- 1.Liña Xestión sostible e intelixente de residuos sólidos urbanos
- 2.Liña Mobilidade intelixente e sostible
- 3.Liña Alumeado ornamental intelixente para conservación do patrimonio

Con respecto á duración do proxecto, establécese o seguinte:

1. Tramo I ou Fase de I+D+i: Prazo de execución máximo de 4 anos desde a entrada en vigor do Convenio, para a realización das tarefas correspondentes a esta fase segundo se establece nos anexos I, X e XI.

2. Tramo II ou Fase de despregamento: Enténdese coma unha prórroga cunha duración máxima de 4 anos, acordada con anterioridade ao remate do Tramo I, e unicamente para execución de tarefas correspondentes á Fase de despregamento segundo se establece nos Anexos I, X e XI.

A execución do orzamento da devandita Fase de despregamento estará condicionada a ter acadado ao remate da Fase I o cumprimento duns obxectivos funcionais que garantan a mellora do servizo público e a recuperación do investimento nun prazo razoable.

A memoria inclúe un cronograma detallado por liñas de actuación e fases.

O importe total do proxecto ascende a 12.360.000,00 euros, coa seguinte distribución:

FASE	ORZAMENTO (€)	MODALIDADE	ORZAMENTO S/ MODALIDADE
Tramo 1 (Fase I+D+i)	6.180.000,00	Anticipo reembolsable	4.944.000,00
		Contribución Concello	1.236.000,00
Tramo 2 (Fase	6.180.000,00	Préstamo	0,00

desp.)			
		Contribución Concello	6.180.000,00
TOTAL	12.360.000,00		

Deste xeito, o MINECO aporta a cantidade de 4.944.000,00 euros, en concepto de anticipo reembolsable FEDER, que corresponde ao 80% do importe total do tramo I (Fase I+D+i), comprometéndose o Concello a aportar os 1.236.000,00 euros que corresponden ao 20% restante.

No caso de que finalmente se execute o Tramo II (Fase Despregamento), os 6.180.000,00 euros previstos no orzamento para esta fase serían aportados polo Concello. A aportación total do Concello ao proxecto ascendería polo tanto a 7.416.000,00 euros.

Está prevista a sinatura dun segundo convenio entre a Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Xunta de Galicia e o Concello, en base ao cal a primeira asumiría o 10% da primeira fase do proxecto, que suporía un total de 618.000,00 euros. Nos datos deste informe non se ten en conta por non estar formalizado.

As aportacións do MINECO realizaranse nos termos reflectidos nos anexos **X.Detalle de fondos destinados a CPI** e **XI.Estado financeiro** correspondentes ao tramo I ou fase de I+D+i, prevéndose dous libramentos:

- Libramento 1, por importe de 1.977.600,00 euros, que se realizará á sinatura do convenio.
- Libramento 2, por importe de 2.966.400 euros, que se realizará aos dous anos desde a sinatura do proxecto, tras a xustificación de gasto polo importe do primeiro libramento e cando menos o 10% da cofinanciación total que debe aportar o Concello para a Fase 1.

Tal e como se establece no texto do Convenio, o Concello, polo feito de estar suxeito ao réxime orzamentario público, deberá rexistrar un ingreso polo importe do anticipo reembolsable recibido, aplicado ao capítulo 9 “Pasivos financeiros” do seu orzamento.

Cando se reciban os fondos do FEDER, o Ministerio informará ao Concello desta circunstancia, de xeito que poderá recoñecer a subvención recibida da Unión Europea mediante un ingreso no concepto que corresponda no artigo 79 “Transferencias de capital exterior”, o que á súa vez permitirá a formalización da cancelación da débeda que quedou rexistrada no momento do anticipo de fondos por parte do Estado, mediante o correspondente pago no capítulo 9 do seu orzamento de gastos.

Esta información reflíctese con máis detalle no **Anexo XI. Estado financeiro** do convenio, no que se inclúe o seguinte cadro financeiro:

CONCEPTOS			IMPORTE €
Orzamento total			12.360.000,00
Cofinanciación aportada polo Concello			7.416.000,00
	Tramo 1 (Fase I+D)		4.944.000,00
Cofinanciación aportada polo MINECO	Máx. 50% o 80%		
	Duración: Entre 2 y 4 años		
	Tramo 2		0.000.000,00
	Duración: Máx. 4 años		
Libramentos	Tramo 1	Libramento 1 (entre 40% y 70%):	1.977.600,00
		O libramento 1 realizarase á sinatura do convenio	
		Libramento 2 (entre 60% y 30%):	2.966.400,00
		O libramento 2 realizarase aos 2 anos desde a sinatura do convenio tras a certificación do primeiro libramento e polo menos o 10% da cofinanciación total que debe aportar o Concello.	
	Tramo 2	* Modelo cadro amortización	0.000.000,00

Segundo se indica no **Anexo X. Detalle de fondos destinados a CPI**, o proxecto prevé destinar a compra pública innovadora (procedemento de Asociación para a Innovación), un total de 10.506.000,00 euros, repartidos do seguinte xeito:

- O 70% do importe total da fase I, que suma 4.326.000,00 euros
- O 100% do importe total da fase II, que suma 6.180.000,00 euros.

CONCEPTO	IMPORTE (€)
CPI (70% do orzamento total tramo I)	6.180.000,00
Consultas Mercado	0,00
CPP	0,00

	Asociación para a Innovación		10.506.000,00
CPTI	Fase 1 (70%)		4.326.000,00
	Fase 2		6.180.000,00
	Contratacións Ordinarias		0,00
	Fase 1	Contrato Ordinario	0,00
		Fase de Avaliación	0,00
	Fase 2		0,00
GASTOS XERAIS (menor ou igual ao 10% do orzamento total) [Gastos biunivocamente relacionados co proxecto]			0 €
TOTAL ACTUACIÓN “SMARTIAGO”			12.360.000,00

Os 1.854.000,00 euros restantes, que corresponden aos conceptos descritos na táboa que se amosa de seguido, adxudicaranse mediante contratacións ordinarias:

Oficina de proxecto, gastos e inversións (30% do orzamento do tramo I)	1.854.000,00
Oficina de proxecto	445.000,00
Asistencia Técnica e/o Convenios de Colaboración	240.000,00
Consultas ao mercado e actuacións de soporte (comunicación)	120.000,00
Inversións materiais e inmateriais	1.015.000,00
Outros	34.000,00

Para os efectos de xustificación de gasto, o Convenio inclúe fitos cuadrimestrais e xustificación final ao remate de cada tramo de financiación. Asumindo a sinatura de Convenio en decembro de 2017 que se fai uso dos máximos prazos permitidos, os fitos máis relevantes son os seguintes:

- Libramento 2 (2019). Tal e como se indicaba anteriormente, para que este sexa posible, será necesario contar con gastos xustificables por importe total do libramento 1 (1.977.600,00 euros) e o 10% do importe total de cofinanciamento da Fase I do proxecto (123.600,00 euros), o que supón un total de 2.101.200,00 euros.

- Remate tramo I ou Fase de I+D+i (2021): Para entón deberase contar con gastos xustificables acumulados polo importe total previsto para este tramo (6.180.000,00 euros).

- Remate tramo II ou Fase de despregamento (2025, supoñendo unha prórroga de catro anos). No caso de que se chegue a desenvolver esta fase do proxecto, deberase contar con gastos xustificables polo importe total previsto para este tramo (6.180.000,00 euros).

Tendo en conta o cronograma do proxecto e todo o dito neste informe, achégase unha previsión de ingresos e gastos por anualidades. Débese ter en conta que se trata dunha estimación inicial sobre a que se poden producir variacións importantes, non só polas circunstancias habituais que rodean a un proxecto desta complexidade, senón principalmente porque, ao aplicar un modelo de compra pública innovadora, non se coñecen con antelación as solucións concretas que finalmente serán implantadas.

Ingresos por anualidade	2017	2018	2019	2020	2021
Libramentos MINECO		1.977.600	2.966.400		

Gastos por anualidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022-2025
Total oficina técnica, asistencia técnica e outros		209.750	209.750	209.750	209.750	
Total investimento		355.250	659.750			
Total CPI Fase I		105.000	2.419.100	1.376.900	425.000	
Total CPI Fase II						6.180.000

Por todo isto, PROPONSE:

Primeiro: Asinar o Convenio entre o Ministerio de Economía, industria e competitividade (MINECO) e o Concello de Santiago de Compostela para a execución do proxecto SmartiAgo, cofinanciado con fondos FEDER, cuxo texto se achega.

Segundo: Aceptar as condicións do anticipo reintegrable dos fondos FEDER concedido polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, entre as que destaca o seu rexistro inicial como ingreso por endebedamento do capítulo 9 do orzamento -“Pasivos financeiros”-, cancelable, no seu caso, coa recepción efectiva dos fondos europeos, circunstancia que o Ministerio lle comunicará ao Concello para que rexistre o correspondente ingreso no capítulo 7 -“Transferencias de capital”-.

Terceiro: Que a execución do gasto por conta do Concello quede subordinada ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos municipais.”

Figuran no expediente informes do director da asesoría xurídica de 7 de novembro do corrente ano, e de intervención núms. 2017/873 e 916/2017, de datas 14 e 28 de novembro do corrente ano.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

Primeiro: Asinar o Convenio entre o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade (MINECO) e o Concello de Santiago de Compostela para a execución do proxecto SmartiAgo, cofinanciado con fondos FEDER (cuxo texto figura no expediente).

Segundo: Aceptar as condicións do anticipo reintegrable dos fondos FEDER concedido polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, entre as que destaca o seu rexistro inicial como ingreso por endebedamento do capítulo 9 do orzamento -“Pasivos financeiros”-, cancelable, no seu caso, coa recepción efectiva dos fondos europeos, circunstancia que o Ministerio lle comunicará ao Concello para que rexistre o correspondente ingreso no capítulo 7 -“Transferencias de capital”-.

Terceiro: Que a e execución do gasto por conta do Concello quede subordinada ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos municipais.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 17:40 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández